

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 23 de marzo de 2011

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.12 horas do día vinte e tres de marzo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suarez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(371).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(372).- APROBACIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR II. EXPTE. 8104/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 21.03.2011, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Prestar aprobación á memoria do Proxecto “Imos Traballar II” presentado polo servizo de Promoción Económica e Emprego para a súa remisión ao Ministerio de Política Territorial y Administración Pública.
2. Solicitar da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do “Ministerio de Política Territorial y Administración Pública” a admisión da memoria do Proxecto “Imos Traballar II”, asignándolle unha axuda financeira de 1.948.953,80 Euros, equivalente ao 80% do custo elexible da actuación que se executará ao longo dos anos 2011, 2012 e 2013., todo iso con cargo ás cifras orzamentadas no Fondo Social Europeo (F.S.E.).
3. En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2011 e 2013 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento nacional do Proxecto, en contía de 487.238,45 euros (20% do custo elexible), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.
4. O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).
5. Confirmar á Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do “Ministerio de Política Territorial y Administración Pública” a inexistencia de calquera outra solicitude de axuda ante as Administracións Públicas para o financiamento deste Proxecto ou doutro de similares características, así como a non concesión de cofinanciación por parte de devanditas Administracións para a mencionada finalidade.

3(373).- APROBACIÓN DO PROXECTO SUM NO CENTRO DO PROGRAMA INTERREG IV. EXPTE. 8105/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 21.03.2011, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar á memoria do Proxecto “SUM (Sustainable Urban Mobility)” presentado polo servizo de Promoción Económica e Emprego para a súa remisión ao programa INTERREG IVC (ERDF Norgewian).

2. Solicitar da unha axuda total de e 1.688.511,74 € dos que 248.540,00 € corresponden ás accións do Concello de Vigo explicitadas na memoria do proxecto, cantidade na que 186.405,00 € (75,00 % do total) e a correspondente á aplicación INTERREG IVC (ERDF Norgewian) e 62.135,00 € (25,00 % do total) e o que lle corresponde de cofinanciación ao Concello de Vigo.

3. En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2011 e 2013 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento municipal do Proxecto, en contía de 62.135,00 € (25,00 % do total), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.

4. O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.